

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ARQUITECTURA OU ENXEÑERÍA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA” (PLAN + PROVINCIA 2024)

Expediente núm.:	Departamento:
1800/2024	SECRETARÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN

1. OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto do presente contrato é o servizo de arquitectura ou enxeñería para a redacción do proxecto “PEONIZACIÓN DA PRAZA DA FAROLA”.

2. NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO:

O Concello da Estrada ven realizando unha aposta decidida pola humanización da Vila en aras de facela máis accesible e sostible, todo elo en beneficio dos cidadáns.

Prantéxase a peonalización da Praza de Galicia como un paso máis do achegamento das rúas aos peóns, como mostra decidida de accesibilidade universal. Con este proxecto acadarase unha humanización case total no centro da Vila, eliminando o paso de vehículos, e permitindo aos peóns ocupar un espazo destinado a esparcemento, lecer e convivencia.

3. MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES

Segundo o disposto no artigo 99.3 da LCSP, o órgano de contratación, poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos que deberán de xustificarse no expediente. Dita xustificación é a seguinte:

O obxecto do contrato non se divide en lotes, a efectos da súa execución, xa que se pretende a contratación dun servizo integral, multidisciplinar e completo, polo que resulta imprescindible a adecuada coordinación na execución das diferentes prestacións, intimamente relacionadas entre si. Necesidade que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO:

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Óptase polo procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público como procedemento ordinario e ao obxecto de facilitar a maior concorrencia posible.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto 2023-0854 do 20 de xuño de 2023 de delegación de competencias.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato terá unha duración de TRES MESES a contar dende a data da súa formalización.

7.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O valor estimado ascende á contía de 30.000 euros e o orzamento base de licitación ascende á cantidade de 36.300 euros (30.000 € máis 6.300 € de IVE).

8.- LUGAR DA PRESTACIÓN.

Concello da Estrada

9.- PUBLICACIÓN.

A presente memoria debe publicarse no Perfil do Contratante desta Administración aloxado na Plataforma de Contratos [do](#) Sector Público, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Documento asinado dixitalmente na marxe

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

Cod. Validación: 53PKW76PRF5YTWICATNEE427FA
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

